

Na categoría de Produto e/ou Servizo

OS PREMIOS EUROPEOS DE MEDIO AMBIENTE DISTINGUEN O COMPROMISO DE EROSKI COA PESCA SOSTIBLE

- Foi galardoada nos premios que outorga o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. A súa sección española coordina a Fundación Biodiversidade
- EROSKI foi a primeira empresa de distribución polo miúdo en España en obter o selo MSC que certifica a cadea de custodia do peixe fresco procedente de caladoiros sostibles
- EROSKI alcanzou no 2019 as 3.144 toneladas nas súas compras de peixe con certificación de sustentabilidade

Elorrio, 2 de novembro do 2020. A aposta de [EROSKI](#) pola pesca sostible foi galardoada cun accésit nunha nova edición dos [Premios Europeos de Medio Ambiente](#) na súa sección española, outorgados polo [Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico](#). A sección española coordina a [Fundación Biodiversidade](#).

O secretario xeral de EROSKI, Mikel Larrea, foi o encargado de recoller o premio de mans do Rei Felipe VI na cerimonia de entrega celebrada en Madrid. *"Este galardón reconece o noso esforzo para lle garantir ao consumidor que o peixe fresco con ecoetiqueta que atopa nos nosos mostradores procede de pesqueiras e producións sostibles, mellorando de xeito permanente os estándares de sustentabilidade ambiental e social de todos os procesos da cadea de valor, dende a orixe da produción ata as operacións en tenda"*, explicou Larrea.

A vicepresidenta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribero, salientou a importancia de integrar os obxectivos ambientais na actividade empresarial. Unha realidade que para EROSKI é fundamental: *"O fomento dunha alimentación máis sostible forma parte dos nosos 10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade que lanzamos no 2018"*, sinala Larrea.

Pioneira na acreditación de sustentabilidade das súas peixerías

EROSKI converteuse hai tres anos na primeira e única cadea de distribución polo miúdo en España en superar a auditoría da organización internacional [Marine Stewardship Council](#) (MSC) para a certificación da cadea de custodia do peixe

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

fresco procedente de caladoiros sostibles. A certificación das peixerías de EROSKI foi progresiva e alcanza actualmente a 491 mostradores de peixe fresco e mais a oito plataformas loxísticas do grupo dende as que se serve o peixe fresco á súa rede de tendas.

Ademais, hai dous anos, EROSKI converteuse na primeira cadea de distribución de España e na segunda en Europa en superar a auditoría de cadea de custodia de acuicultura certificada [GLOBALG.A.P.](#), que acredita que as especies de venda nas súas peixerías procedentes deste tipo de cría se produciron de xeito seguro e sostible.

EROSKI alcanzou no 2019 as 3.144 toneladas nas súas compras de peixe con certificación de sustentabilidade. Do total, máis de 1.880 toneladas corresponden a peixe certificado polo Marine Stewardship Council (MSC), que garante a súa orixe en caladoiros sostibles, e 820 toneladas a peixe de acuicultura co selo GGN (GLOBALG.A.P. Number). Ademais, destacan as 392 toneladas de bonito pescado a cana e outras 51 de peixe con certificado AENOR Atún de Pesca Responsable (APR) nas súas compras de conservas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)